

NUM-CONSULTA: V0001-14

ÓRGANO: SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 02/05/2014

NORMATIVA:

Artigos 14.Un e Catro, 23.Un e 3.Un do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo.

DESCRICIÓN-FEITOS

Segundo o disposto na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, teñen a consideración de familias numerosas aquelas que reúnan as condicións que determina a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

A efectos da Lei 3/2011 asimilárase ao descendente o fillo ou filla concibido ou concibida, e sempre que mediante a aplicación desta asimilación obtéñase maior beneficio.

Para a xustificación deste extremo haberá de achegarse certificación médica que acredite o embarazo no momento da presentación da solicitude do beneficio. A asimilación ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida e non nado ou nada acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

CUESTIÓN FORMULADA

A consultante plantexa se o certificado expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ao amparo da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, é requisito suficiente para poder gozar dos beneficios fiscais previstos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo relativos á transmisión de bens inmobles para familias numerosas.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 307/2009, de 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, este centro directivo informa o seguinte:

Normativa:

1. Artigo 14.Un e Catro do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo (en diante. TRTCG) (Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas):

Un. Tipo de gravame xeral.

1. *Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable á transmisión de bens inmobles, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaían sobre os mesmos, salvo os dereitos reais de garantía, será do 10 %.*

(...)

Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 4 %, sempre que este cumpra os seguintes requisitos:

1. Que na data de devengo do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido a vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non supere a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible, incluíndo este por o seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e acredítese que o importe obtido destínase ao abono do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse ante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

3. No caso de ter gozado da redución establecida no artigo 8. Tres deste texto refundido, o tipo reducido aplicarase ao importe resultante de minorar a base liquidable na contía do importe da doazón.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

2. Artigo 23.Un TRTCG (Beneficios fiscais non aplicables de oficio):

Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practicaranse os devanditos

beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación presentárase no período regulamentario de declaración.

A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.

Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devengo do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de demora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e presentación da autoliquidación farase dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.

3. Artigo 3.Un do TRTCG (Conceptos xerais):

Un. Vivenda habitual.

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia

das persoas físicas.

Resposta:

Un dos requisitos establecidos polo artigo 14. Catro do TRTCG para a aplicación do tipo de gravame bonificado do 4 %, é o seguinte:

(...)

1. Que na data de devengo do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición co título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido a vivenda habitual da súa familia.

En relación coa acreditación do cumprimento do devandito requisito, a mesma norma sinala que:

(...)

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

En canto á acreditación e recoñecemento da condición de familia numerosa, a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas dispón no seu artigo 5:

Artigo 5. Recoñecemento da condición de familia numerosa.

1. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido

para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos nesta lei, a petición de calquera dos ascendentes, titor, acolledor, gardador, ou outro membro da unidade familiar con capacidade legal.

Por outro lado, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dispón no seu artigo 1 que:

Esta lei ten por obxecto recoñecer a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, aos nenos e nenas e os e as adolescentes.

O artigo 9 da citada Lei 3/2011 establece que: *A efectos desta lei, merecen unha protección especial os seguintes grupos de familias: a) As familias numerosas (...), regulándose no artigo 10 o concepto e condicións:*

Teñen a consideración de familias numerosas aquelas que reúnan as condicións que determina a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Para os efectos desta lei, asimilase a descendente o fillo ou a filla concibido ou concibida, e sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

Para a xustificación deste extremo deberase achegar certificación médica que acredite o embarazo no momento da presentación da solicitude do beneficio.

En canto á acreditación e recoñecemento da condición de familia numerosa, a Lei 3/2011 dispón no seu artigo 12 que:

De acordo co artigo 5 da Lei 40/2003, a condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección das familias numerosas, por pedimento de calquera dos ou das ascendentes, das persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento, ou doutro membro da unidade familiar con capacidade legal.

Corresponde á Xunta de Galicia a competencia para o recoñecemento da condición de familia numerosa das persoas solicitantes residentes na comunidade autónoma de Galicia, así como para a expedición e renovación do título que acredita a devandita condición e categoría.

A asimilación ao descendente do fillo ou da filla concibido ou concibida e non nado ou nada acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia.

Finalmente, o artigo 18 da Lei 3/2011, dedicado ao trato preferente dos membros das familias de especial consideración, sinala que:

Os membros das familias de especial consideración terán trato preferente nos seguintes ámbitos, de acordo co que se estableza na normativa sectorial correspondente:

(...)

f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias.

Como xa se indica na exposición de motivos da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio

á familia e á convivencia de Galicia, a lexitimidade da Xunta de Galicia para a actuación lexislativa en materia de familia provén dos apartados 23 e 24 do artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, por tanto, de competencia lexislativa propia para establecer un marco normativo no cal se inscriban e teñan cabida o conxunto de actuacións públicas en materia de apoio á familia e á convivencia, e o devandito apoio inclúe os beneficios fiscais aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias normativas, tal e como sinala o artigo 18 anteriormente reproducido, sen que a falta de explicitación na norma fiscal autonómica (de aprobación previa) supoña a existencia dunha lagoa normativa que esixa a aplicación da analogía, o cal estaría vedado en virtude do disposto polo artigo 14 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE de 18 de decembro de 2003).

En consecuencia, a combinación de ambas as normas, o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo e Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e a súa secuencia temporal, permite concluír que o tipo bonificado regulado no artigo 14.Catro TRTCG resulta de aplicación ás familias numerosas previstas no artigo 10 da Lei 3/2011, en canto aos supostos de asimilación, ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida, debendo acreditarse conforme sinala o artigo 12 da mesma lei.

O que comunico a Vd. con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.